

Programa Principia 2021. Contratación de tecnólogos de ata 35 anos para realización de actividades de I+D+i

Convocatoria 2021

DATOS XERAIS	
Texto da convocatoria	<a href="#">Enlace á convocatoria</a>
Descrición xeral	Concesión de axudas para o fomento da empregabilidade de persoas de ata 35 anos en actividades de I+D+i, a través da súa contratación laboral durante un período mínimo <b>dun ano</b> , co fin de impulsar a súa carreira profesional, así como estimular a demanda no sector público e privado de persoal suficientemente cualificado para acometer proxectos de I+D+i enmarcados en áreas estratéxicas para Galicia (RIS3)
Condicións do persoal contratado:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 35 anos.</li> <li>• Estar en posesión dun título universitario medio ou superior ou de formación profesional de grao superior ou equivalente.</li> <li>• Non ter experiencia laboral superior a 36 meses na súa categoría profesional (para o cómputo desta experiencia non se terán en conta as prácticas que formen parte dos currículos para a obtención das titulacións correspondentes, as prácticas non laborais e as bolsas).</li> <li>• Non ter sido contratado nos 6 meses anteriores pola entidade solicitante, no grupo de cotización á Seguridade Social correspondente á súa titulación.</li> <li>• Non ter sido subvencionada a súa contratación nas convocatorias Principia 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020.</li> </ul>
Condicións do contrato Artigo 4 convocatoria:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os contratos subvencionados poderán estar formalizados entre o <b>1 de xaneiro e o 1 de novembro de 2021</b>.</li> <li>• Os contratos poderán ser indefinidos ou temporais, de duración mínima dun ano.</li> <li>• As actividades de I+D+i que realicen as persoas contratadas desenvolveranse en centros de traballo de Galicia e estarán aliñadas cos retos e prioridades da RIS3.</li> <li>• As entidades poderán indicar un perfil indeterminado no momento da solicitude, o que permitirá maior flexibilidade á hora da contratación.</li> <li>• A retribución salarial anual bruta a percibir por cada persoa contratada deberá figurar no contrato expresamente e <b>non poderá ser inferior a 19.000 euros</b>.</li> </ul>
Importe e número de axudas	<b>Subvención:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 10.000€ / contrato 12 meses.</li> <li>• A USC poderá solicitar a axuda para ata un <b>máximo de 3 contratos</b></li> </ul>
Beneficiarios	Os organismos de investigación públicos ou privados galegos ou con centro de traballo en Galicia, tendo en conta que quedan obrigados a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas e relativas a actuacións de I+D+i.

<p>Requisitos</p>	<p>a) Título oficial español de graduado o máster dentro del nuevo Espacio Europeo de Educación Superior.          b) Título oficial español de licenciado, ingeniero, arquitecto, diplomado, ingeniero técnico, arquitecto técnico.          c) Título oficial de técnico superior de formación profesional o equivalente</p>
<p>Proceso de presentación de declaración de interese para participar nesta convocatoria</p>	<p>O proceso iniciase coa presentación por parte das persoas candidatas da súa declaración de interese para participar nesta convocatoria.</p> <p style="text-align: center;"><b><u>Declaración de interese para participar</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li><b>Data límite para a presentación da declaración de interese remata:</b>  <b>08-04-2021 as 14:00 horas</b></li> </ul>
<p>Crterios de priorización para a presentación da solicitude por parte da USC</p>	<p>A convocatoria establece <b>un máximo de 3 solicitudes</b> por Institución/Entidade solicitante, razón pola cal o Vicerreitorado de Investigación e Innovación establece os seguintes criterios de prioridade para definir a oferta de prazas da USC:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de puntos de produción científica (2018-2019) do Grupo que presenta a proposta.</li> <li>Nº de Investigadores predoutorais adscritos ao Grupo que avala a proposta (priorizarase a carencia de predoutorais actualmente financiados por Programas de Recursos Humanos). En relación con isto, priorizaránse aqueles perfís asociados coa formación predoutoral no marco dun programa da USC</li> <li>Priorizaránse as solicitudes que non recibiran esta axuda en convocatorias anteriores.</li> <li>A Vicerreitoría resérvase a opción de aplicar algunha das prazas por interese institucional.</li> </ul>
<p>Información sobre a convocatoria</p>	<p>USC: <a href="mailto:recursoshumanos.programas@usc.es">recursoshumanos.programas@usc.es</a>          Axencia Galega de Innovación: <a href="mailto:servizos.gain@xunta.gal">servizos.gain@xunta.gal</a>          Teléfono Gain: 881 999 121 – 981 957 008          Telefono USC: 8818 16213 - 8818 16253</p>

FORMULARIOS :	
Anexo II - Memoria	<a href="#">DESCARGAR ANEXO II</a>
Anexo I - Solicitude	<a href="#">DESCARGAR ANEXO I</a>